

# PLAN DE IGUALDADE



## CEIP RAMÓN CABANILLAS



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL  
**CEIP RAMÓN CABANILLAS**

R/ JOSÉ ANTONIO SOUTO PAZ, 5  
15702 Santiago de Compostela  
☎ 881 867 921 📠 881 867 925  
ceip.ramon.cabanillas@edu.xunta.es  
www.ceipramoncabanillas.es

## 1.- INTRODUCCIÓN

Educación significa promover o desenvolvemento integral das persoas a través dunha formación que lles permita ao alumnado configurar a súa identidade. A igualdade de oportunidades e responsabilidades é un dereito de todas as persoas (independentemente do seu xénero ou identidade sexual) e o obxecto da educación en igualdade consiste en formar individuos na representación dunha sociedade equitativa xusta, respectando os dereitos e liberdades fundamentais e a igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes (preámbulo da LOE).

A educación en igualdade lévase a cabo dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúe a previr situacións de violencia e en particular a violencia de xénero. A educación en igualdade promove a superación de estereotipos sexistas no noso centro educativo, co que pretendemos, como comunidade educativa, contribuir ao desenvolvemento un cambio profundo das estruturas, as crenzas e as prácticas sociais non desexables pero que están arraigadas e son inconscientes, polo que a súa complexidade require a implicación de cada membro da nosa comunidade no seu conxunto e por parte de cada individuo.

Neste sentido, entendemos o concepto “coeducación” como un proceso de transformación social que axuda a previr, desde as idades máis temperás, a discriminación derivada da desigualdade entre homes e mulleres, presentándose como a ferramenta máis útil para previr a desigualdade.

O plan de igualdade do CEIP Ramón Cabanillas constitúese como un elemento dinamizador que ten como finalidade conseguir a igualdade real e efectiva de xénero. Este plan fórmase desde un marco global e amplo de intervención no contexto concreto no noso centro educativo e como responsabilidade de toda a comunidade educativa. A finalidade de dito plan é crear hábitos que parten do principio de igualdade contribuíndo á súa consolidación. Un centro coeducativo esixe cambios a múltiples niveis ao mesmo tempo: organizativo, metodolóxico, curricular, etc. Este traballo supón un cambio de perspectiva complexo constante na visión xeral que ten da realidade a propia comunidade educativa e en consecuencia o alumnado deste centro educativo, pois o noso micromundo pertence a unha sociedade. O CEIP Ramón

Cabanillas, a través deste plan, pretende por o seu grao de area a obter un mundo cada vez máis xusto, igualitario e respectuoso coa diversidade de xénero.

O Plan de igualdade do CEIP Ramón Cabanillas ten en conta os catro inspiradores principios recollidos no *I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020* (páx. 6-7), que sustentan os diferentes eixes de actuación presentado pola Secretaría Xeral de Igualdade: transversalidade, sociedade igualitaria, obxectivo “violencia 0 nas aulas e na sociedade” e inclusión e integración da diversidade.

## 2.- CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

### 2.1- CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA

Nas seguintes liñas, expoñemos a normativa básica e estratéxica para o desenvolvemento da nosa actuación docente para a consecución da igualdade no marco da democracia española e da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### Ámbito estatal

- A Constitución Española, no seu artigo 14, recolle como dereito dos españois e as españolas a igualdade ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- No ano 1983 creouse en Madrid o Instituto da Muller, coñecido actualmente como o Instituto da Muller para a Igualdade de Oportunidades (IMIO).
- Real Decreto 1686/2000, do 6 de outubro, polo que se crea o Observatorio da Igualdade de Oportunidades entre homes e mulleres.
- Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

- Lei Orgánica 3/2007, do 15 de marzo, reguladora da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas.
- Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- No ano 2017 o Estado Español aprobou un documento de medidas que denominou *Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero*.

### **Ámbito autonómico**

A Xunta de Galicia comezou a súa andaina a prol da igualdade no 1993 coa creación do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e a Muller (SGPIHM), o cal pasou a denominarse despois como Servizo Galego de Igualdade (SGI), e hoxe quedou integrado dentro da actual Secretaría Xeral de Igualdade da Vicepresidencia da Xunta de Galicia. Tendo en conta esta situación, tomamos como referencia para este Plan de Igualdade as seguintes referencias legislativas:

- Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia (artigo 4.1).
- Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 229/2011, do 7 de setembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia na que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Decreto 254/2012, de 13 de decembro, pola que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de

educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 25 de xaneiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se establece a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. Capítulo IV: A educación e a formación para a igualdade entre homes e mulleres.
- Lei Orgánica 8/2015, do 22 de xuño, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.
- Decreto 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Instrucción do 6 de setembro do 2019 da Dirección xeral de Innovación Educativa.

### **Protocolos galegos**

Os protocolos de actuación constitúen o desenvolvemento legal e cómpre ter estes documentos presentes desde un punto de vista estratéxico, xa que recollen as liñas de acción prioritarias desde o Goberno Galego. A análise e os datos que revelan estes documentos, mostran o estado da cuestión da igualdade na nosa rexión:

- VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2018.
- Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2019.
- I Plan de actuación para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.

Prestamos especial atención ao Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero (publicado en 2016).

## **2.2- CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO**

O CEIP Ramón Cabanillas ten unhas instalacións cumpren os criterios de calidade, accesibilidade e confortabilidade legalmente establecidos (Lei 10/2014, do 3 de decembro de accesibilidade e Real Decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten as ensinanzas do segundo ciclo de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria), sendo ademais un centro moderno no que resulta agradable traballar.

O centro conta con 18 unidades: 6 de educación infantil e 12 de educación primaria. Tamén conta cunha aula de Audición e Linguaxe (en diante AL) e dúas de Pedagogía Terapéutica (en diante PT) actualmente ocupadas por 2 docentes de PT, 1 de AL e

outro de AL compartido. O número de alumnado de atención á diversidade varía anualmente e nos últimos anos incrementouse, así como a concesión de profesorado específico por parte da Administración. Igualmente existen varias aulas específicas, 1 aula de Educación Musical, 1 aula de psicomotricidade, ximnasio, aula de informática, biblioteca, espazo de comedor, espazos comúns, patios de infantil e primaria separados e pistas de deportes. Así e todo, detéctanse algunhas necesidades de espazos que non foron previstas no deseño do edificio, como o comedor escolar, os espazos para as materias específicas (Educación Física e Musical), que houbo que reacomodar; ou un salón de actos, do que o centro educativo carece.

Trátase dun centro público de dúas liñas (tanto en EI coma en EP) acomodado nun edificio de recente construción (2010/2011). O centro está adscrito aos IES de Pontepedriña e IES de Sar.

A demarcación da zona de escolarización, abarca unha ampla área do SL da cidade de Santiago de Compostela, nos barrios de: O Ensanche, Pontepedriña, Castiñeiriño e Sar. É zona urbana na práctica totalidade, con algúns retallos periurbanos de vivendas unifamiliares con terreo e dependencias anexas. Está experimentando unha importante transformación por mor de urbanizacións de recente planificación que hai dentro do seu ámbito. Están construídos e ocupados moitos edificios do contorno da Pontepedriña e arredores do centro e, están proxectadas un número importante de vivendas nos SUP situados entre a rúa da Estrada e Granxa do Castiñeiriño ou entre o Monte do Seixo e o Periférico.

Nas inmediacións ao colexio están o parque Eugenio Granell e as Brañas do Sar que, coas súas áreas de pradería, céspede, xardín, bosque de ribeira e carballeira, son un importante recurso para as actividades docentes. Ademais, zona conta con equipamentos deportivos, culturais e de ocio. Hai varias asociacións culturais e Centros Socioculturais que organizan actividades para nenos e nenas ao longo do curso subvencionados polo Concello de Santiago. Tamén está a Escola Galega de Prevención de Riscos Laborais e no centro comercial da zona funciona un departamento cultural que organiza actividades durante o ano.

O centro, na medida das súas posibilidades, renova continuamente os equipamentos TIC pola súa rápida obsolescencia e para atender á diversidade a través do Departamento de Orientación (PT e AL) e as necesidades das aulas de infantil e primaria. Así, as 18 aulas de EI e EP contan con ordenador e canón proxector. Neste sentido, o centro participa do Programa E-Dixgal polo que o alumnado de 5º e 6º tamén dispoñen de ordenador na aula.

A plantilla docente do CEIP Ramón Cabanillas é ampla e conta actualmente con 33 docentes, dos que 27 son mestras e 6 son mestres (por autoidentificación). A maior parte do profesorado actual ten destino definitivo neste centro educativo. Sen embargo, o Departamento de Orientación (D.O.) conta actualmente con profesorado provisional. Por outro lado, o centro escolar participa no Programa da Consellería de Seccións Bilingües polo que conta cun auxiliar de conversa, este ano de xénero non-binario. En canto, ao persoal non docente conta cunha auxiliar de administración, unha conserxe, dous cuidadores, persoal do Plan Concilia ou Madrugadores, (persoas de sexo masculino e feminino) e persoal de limpeza (todas mulleres).

Obsérvase que o xénero feminino é maioritario neste rango de idades e tipo de centro mais perpetuándose a prevalencia do sexo masculino por materias específicas (p.e. Educación Musical e Educación Física) e a prevalencia en Educación Infantil do sexo feminino.

En relación ao **alumnado** matriculado, os datos de inicio deste curso escolar segundo os documentos cubertos pola familia son:

	Idade/Nivel	Nº de Unidades	Nº Alumnado
ED. INFANTIL (EI)	3 anos	2	50
	4 anos	2	50
	5 anos	2	47
	TOTAL	6	147
ED. PRIMARIA (EP)	1º	2	49
	2º	2	50
	3º	2	50
	4º	2	50
	5º	2	49
	6º	2	50
TOTAL		12	298
TOTAL EI + EP		18	445
MULLERES			218
HOMES			227



En canto aos resultados académicos obtidos polo alumnado do centro, a continuación mostramos algúns resultados relevantes:

- Alumnado con materias suspensas no Curso 2018-2019:

	NENOS	NENAS
1º	3	1
2º	2	3
3º	3	2
4º	2	1
5º	3	3
6º	3	1
<b>TOTAL</b>	<b>16</b>	<b>13</b>

- Alumnado con materias suspensas na 1ª Avaliación do Curso 2019-2020:

	NENOS	NENAS
1º	2	0
2º	2	0
3º	4	3
4º	4	2
5º	8	4
6º	3	7
<b>TOTAL</b>	<b>23</b>	<b>16</b>

- Alumnado escolarizado actualmente no centro que repetiu algunha vez ao longo da súa escolarización:

	NENOS	NENAS
1º	1	0
2º	2	0
3º	3	0
4º	4	1
5º	2	2
6º	2	2
<b>TOTAL</b>	<b>14</b>	<b>5</b>

Obsérvase que o índice de alumnado que presenta dificultades ao longo da escolaridade neste centro educativo é maior no sexo masculino que no feminino.

### 3.- ANÁLISE DO CONTEXTO. FORTALEZAS E DEBILIDADES

A identificación e análise das necesidades, dentro do marco deste Plan de Igualdade, lévase a cabo utilizando unha **matriz DAFO** que permite detectar as necesidades a nivel de contexto, centro, familia e alumnado co fin de delimitar o marco da intervención e priorizar os campos nos que como comunidade educativa e dentro do marco de responsabilidade que corresponde en cada caso, podemos mellorar. A continuación móstrase a matriz DAFO actual correspondente ao CEIP Ramon Cabanillas:

	DEBILIDADES	FORTALEZAS
<b>I N T E R N A S</b>	<p>Cargos directivos desempeñados por homes cando a maioría do persoal docente é feminino.</p> <p>Emprego de linguaxe non inclusiva con predominio do masculino xenérico.</p> <p>Escasa formación en igualdade e na realidade LGTBI entre o profesorado.</p> <p>Ausencia de material bibliográfico centrado na temática do LGTBI.</p> <p>Medo por parte do persoal docente ás consecuencias que pode ter abordar estes contidos na aula.</p> <p>Predominio de xogos separados por xéneros no recreo.</p> <p>Inestabilidade do Departamento de Orientación.</p>	<p>Interese por parte do profesorado en realizar actividades formativas.</p> <p>Plans de innovación educativa dentro do centro.</p> <p>Representación maioritariamente feminina dentro do centro sen discriminación laboral.</p> <p>Profesorado implicado e concienciado coa temática.</p> <p>ANPA sensibilizada coa igualdade.</p>
	AMEAZAS	OPORTUNIDADES
<b>E X T E R N A S</b>	<p>Nula relación coas persoas encargadas das actividades extraescolares e de comedor que oferta a ANPA e/ou o concello fóra do horario lectivo.</p> <p>Escasos coñecementos de recursos da zona.</p> <p>Publicidade de casos próximos de violencia con base na desigualdade de xénero (p.e. asasinatos de Valga, "la manada", "la manada de Manresa"...).</p> <p>Influencia de certas músicas e artistas (reguetón, Bad Bunny, outros) televisión, redes sociais,...</p> <p>Sociedade machista, á que lle costa valorar e reconecer a valía da muller.</p> <p>Escasez de libros e material adaptados a infantil e primaria que traten a temática LGTBI.</p>	<p>Existencia de recursos na contorna próxima que promoven a igualdade de xéneros e a diversidade afectivo-sexual: o CIM, asociacións LGTBI e feministas...</p> <p>Conmemoración obrigatoria do 25 novembro e 8 de marzo.</p> <p>Outras conmemoracións (Día do libro, Día da Paz,...) para darlles perspectiva de xénero.</p> <p>Contorna do centro con ampla variedade de actividades educativas.</p> <p>Plan de formación do profesorado.</p> <p>Promulgación da lexislación en prol da igualdade.</p> <p>Existencia de financiación para a adquisición de material sobre igualdade e investir en plans e medidas de igualdade.</p>

**1) Análise da linguaxe utilizada nas diferentes linguas do centro docente:**

A análise da linguaxe mostra que existe preocupación polo predominio da utilización do xenérico masculino como “alumnos”, “mestres”, “pais”, etc., Se ben a normativa da Real Academia Española (RAE) acepta o termo como incluínte ocorre que historicamente non sempre foi incluínte e ademais, a súa utilización que se ben é correcta, non permite unha fácil visibilidade e diversidade de xéneros. Neste sentido, cabe a posibilidade de ampliar o uso de termos como “rapazada”, “alumnado”, “discentes”, “docentes”, “profesorado” ou “familias” en lugar do xenérico masculino.

A análise dos documentos de centro amosa unha preocupación pola utilización dun vocabulario inclusivo e non sexista, aínda que en ocasións utilízase o xenérico masculino en lugar de incluír o xénero feminino ou de utilizar a palabra colectiva correspondente que inclúe a ambos os dous xéneros e a outros xéneros que non se identifican nin co feminino nin co masculino. Hai que destacar que en todos os documentos de centro aparece de forma explícita como obxectivo educativo a igualdade de xénero e a erradicación de prácticas que impliquen desigualdade de xénero.

**2) Análise do material didáctico:**

A análise do material didáctico (libros de texto, contidos de edixgal, etc.) levada a cabo por parte do profesorado indica que, por unha banda, o profesorado ten sensibilidade por este tema e escolle e utiliza contidos de material impreso, dixital e/ou de editoriais que, ou ben traballan de maneira apropiada estes contidos, ou ben non amosan aspectos da sociedade discriminatorios ou vexatorios, xa sexa consciente ou non. Por outra banda, as editoriais vanse adaptando amosando nos seus contidos a igualdade de xénero (por exemplo, os roles nos oficios, o uso das cores para diferenciar, a tipoloxía de xogos ligados a certos roles do pasado, etc.).

Deste modo, este Plan de Igualdade establece que todo o material que non utiliza unha linguaxe inclusiva, que utiliza roles de xénero que sesgan á sociedade ou que non respecta as diferentes identidades sexuais é retirado. Para isto contamos co compromiso do Equipo de Biblioteca, que ten entre as súas actuacións infromar ás

usuarias e usuarios do desenvolvemento deste labor e solicita a colaboración da comunidade educativa que fai uso deste espazo e do espazo de biblioteca de aula. Deste modo, se atopan material que mantén a desigualdade de xénero ou alenta a discriminación da diversidade de xénero débese comunicar coa finalidade de purgalo unha vez realizada a supervisión por parte do equipo de docentes que conforma o traballo da biblioteca.


O equipo docente da biblioteca conta cunha partida económica coa que mercan libros e material audiovisual coherente cos principios que defende este Plan de Igualdade e que, no desenvolvemento de dito plan, constatamos que escasean no fondo material da biblioteca sendo un punto fraco. A partida empregouse en mercar libros que inclúen diferentes temáticas: libros infantís que visibilizan diferentes tipos de familias ou diferentes tipos de relación, a realidade de persoas trans, redefinición e eliminación dos estereotipos de xénero e tamén sobre a realidade LGTBI, libros de iniciación no feminismo... A análise contextual do Plan constata que atopar material audiovisual para infantil e as primeiras idades de educación primaria que permitan abordar estes contidos de xeito lúdico e adaptado á idade é unha tarefa complexa, o que indica que a sociedade que nos rodea ten deberes pendentes, en prol da súa actualización e modernización.

### **3) Análise nos diferentes documentos do Proxecto Educativo (plan de acción tutorial, etc):**

O Plan de Igualdade apoíase na **Acción Tutorial**, xa que afecta a todo o centro. A Acción Tutorial diríxese a todo o alumnado e inclúe ás familias a través das titorías e reunións iniciais de curso, así como tamén ao propio profesorado que conforma o claustro. A Acción Tutorial concretada no PAT deste centro implica as accións que o profesorado leva a cabo do quefacer diario, así como nas tarefas e celebracións puntuais que veñen marcadas no calendario escolar anual (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramoncabanillas/?q=system/files/calendario%202019%202020.pdf>), dándolle unha perspectiva de xénero a cada unha delas.

#### 4) Análise do alumnado:

A análise de alumnado que presenta algunha dificultade ao longo da súa escolarización, realizada a través da observación das materias suspensas ao longo destes dous últimos cursos académicos, indican que non é representativo como para facer algún tipo de diferenza de xénero (véxase gráfica “Alumnado con materias suspensas no Curso 18-19”).




A análise das gráficas faise atendendo ao sexo e non ao xénero, xa que non temos datos de xénero das familias, do profesorado nin do alumnado.

A gráfica “Alumnado que repetiu curso ao longo da súa escolarización” sinala que o número de alumnado repetidor de sexo masculino é superior ao feminino, representando ao 74 % do alumnado escolarizado no centro educativo.

O CEIP Ramón Cabanillas, coa finalidade de obter datos fiables, participa nun traballo de investigación desenvolvido pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional sobre convivencia nas aulas. A participaron voluntaria do alumnado dos niveis de 5º e 6º de educación primaria, das súas familias e do profesorado do centro permite recoller datos a través dunha enquisa online, da que recibimos os resultados do curso 2018/2019. O informe recibido desta enquisa amosa datos alentadores para o centro educativo. O informe trata preguntas sobre a situación da igualdade e da inclusión no centro e os resultados son positivos.

A continuación presentamos as gráficas cos resultados concretos obtidos:

1 - Todo o mundo é benvido no centro
2 - Os/as estudantes apóianse mutuamente
3 - O equipo educativo e os/as estudantes respéctanse mutuamente
4 - Os/as adultos/as e os/as estudantes son receptivos á variedade de identidades de xénero
5 - O equipo educativo vincula o que ocorre no centro coa vida dos/as estudantes no fogar
6 - Os/as estudantes son valorados por igual
7 - O centro escolar rexeita todas as formas de discriminación
8 - O centro escolar promove a convivencia e a resolución pacífica de conflitos



### GRÁFICA DE ALUMNADO

Brevemente, indicar que a gráfica do alumnado mostra que polo xeral o alumnado do CEIP Ramón Cabanillas amósase benvido no centro (76,7% moitas veces) e síntese respectado polo profesorado (case o 50% do alumnado moitas veces e bastantes veces case un 40%). A gráfica indica que ata un 55,8% dos adultos e estudantes son receptivos á variedade de identidades de xénero e máis do 80% do alumnado pensa que se valora por igual, independentemente da súa condición de xénero, e neste sentido, ate un 62,8% das persoas consideran que o centro promove “moitas veces” a convivencia e a resolución pacífica de conflitos e un 18,6% “bastantes veces”.

Hai que destacar como necesidade de mellora que só un 20% das persoas pensa que o equipo educativo vincula o que ocorre no centro coa vida das/os estudantes no fogar, sendo máis da metade que pensan que nunca ou poucas veces parece darse este vínculo. Outra cuestión para traballar no CEIP Ramón Cabanillas é que só o 75% do alumnado aproximadamente se apoia entre sí. Por último, hai que salientar como punto a mellorar que pouco máis do 50% das persoas pensa que “moitas veces ou bastantes” o centro rexeita todas as formas de discriminación, chegando ao 30% as/os que opinan que “nunca” ou “case nunca”.

**5) Análise do persoal docente e non docente:**


A análise da matriz (véxase a táboa anterior) amosa unha realidade na que o profesorado aposta por traballar en prol da igualdade, como por exemplo, a manifestación aberta a estar en contra da violencia de xénero. Con todo, tamén manifesta inseguridades para abordar certas temáticas como é a abordaxe da aceptación do colectivo LGBTI ou correcta utilización de termos como “lesbianas, transexual, gays”, etc. O profesorado, ao igual que a sociedade, atópase no medio dun importante cambio para o que precisa materiais e formación para traballar a fondo a diversidade afectivo-social e de xénero, tanto dentro das aulas como no resto do centro educativo. Neste sentido, toda a comunidade educativa (persoal docente e non docente) amosa preocupación pola creación dun espazo educativo que permita transmitir valores que atendan e integren a diversidade tanto desde o currículo formal (de aula e a través de material didáctico apropiado) como dende o currículo no formal ou omitido.

O profesorado sinte que ten unha formación insuficiente neste campo, tal e como se constata nesta matriz, polo que o profesorado participa en cursos de igualdade. Concretamente, parte do claustro do centro educativo participa nun curso de igualdade organizado polo CAFI e ademais, o CEIP Ramón Cabanillas realiza un seminario de formación en igualdade no que participan 8 mestras e 4 mestres. En todo caso, o profesorado establecido desde a CCP e cuxa persoa responsable da coeducación é a persoa orientadora, coida de que as actividades grupais sexan mixtas.

O persoal de comedor e actividades extraescolares non conta cun protocolo específico por parte do centro educativo respecto a esta cuestión.

GRÁFICA DE PROFESORADO

1 - Todo o mundo é benvido no centro
2 - Os/as estudantes apoianse mutuamente
3 - O equipo educativo e os/as estudantes respéctanse mutuamente
4 - Os/as adultos/as e os/as estudantes son receptivos á variedade de identidades de xénero
5 - O equipo educativo vincula o que ocorre no centro coa vida dos/as estudantes no fogar
6 - Os/as estudantes son valorados por igual
7 - O centro escolar rexeita todas as formas de discriminación
8 - O centro escolar promove a convivencia e a resolución pacífica de conflitos



Brevemente, indicar que o profesorado considera que todo o mundo é benvido ao centro, pensa tamén que o alumnado se apoia máis do que este considera. En canto ao respecto mutuo, o profesorado destaca “bastantes veces” mentres que o alumnado era máis optimista, aínda que os datos amosan moita similitude na comparación deste punto. O profesorado enquisado considera que “moitas” (50%) ou “bastantes veces” (50%) no centro son receptivos á variedade de xénero.

Hai que destacar a discrepancia de opinión entre o que o profesorado pensa sobre o vínculo centro educativo e vida no fogar, que para este é “bastantes veces” (87%) e “moitas veces” (12,5%) e o que o alumnado pensa (véxase gráfica anterior) o que indica que a comunicación entre ambas partes parece que necesita dunha mellora na fluidez e relación. A resposta do profesorado á valoración por igual do alumnado é, cando menos chamativa, xa que case un 20% responde que “poucas veces”.


Tampouco coinciden na súa percepción sobre a consideración de que o CEIP Ramón Cabanillas rexeita todas as formas de discriminación, pois o centro só en case o 20% rexeita “moitas veces” formas de discriminación segundo o profesorado, sendo as demais “bastantes”. Tamén aumenta a preferencia de resposta de “bastante” en vez de “moito” do profesorado con respecto da promoción do centro da convivencia e a resolución pacífica de conflitos. Hai que ter en conta que, pola súa subxectividade no significado, a percepción docente e do alumnado é razoable que varíe.



6) Análise das familias:

GRÁFICA DE FAMILIAS

1 - Todo o mundo é benvido no centro
2 - O equipo educativo coopera
3 - Os/as estudantes apóianse mutuamente
4 - O equipo educativo e os/as estudantes respéctanse mutuamente
5 - O equipo educativo e as familias colaboran
6 - Os/as adultos/as e os/as estudantes son receptivos á variedade de identidades de xénero
7 - O centro escolar e a autoridade local apóianse entre si
8 - O centro escolar e a localidade apóianse entre si
9 - O equipo educativo vincula o que ocorre no centro coa vida dos/as estudantes no fogar
10 - As expectativas son altas para todos/as os/as estudantes
11 - Os/as estudantes son valorados por igual
12 - O centro escolar rexeita todas as formas de discriminación
13 - O centro escolar promove a convivencia e a resolución pacífica de conflitos
14 - O centro escolar ten un enfoque de liderado inclusivo
15 - Os grupos de ensinanza e aprendizaxe orgánzanse de forma equitativa para apoiar a aprendizaxe de todos/as os/as estudantes
16 - O centro escolar é fisicamente accesible para todas as persoas



Brevemente, indicar que as familias consideran que nun 60% “moitas veces” todo o mundo é benvido ao centro, aínda que pensan que o centro coopera “moitas veces” nun 45% e “bastantes” nun 32,5%. As familias pensan que o alumnado se apoia nun 40% “moitas veces” e nun 32,5% “bastantes”. En canto ao respecto mutuo entre o profesorado e o alumnado, as familias pensan que “moitas veces” case o 50% e o 30% “bastantes”. As familias pensan que a colaboración no centro dáse nun 45% “bastante” e nun 20% “moito” ou “pouco”. As familias enquisadas consideran que “moitas” (32,5%) ou “bastantes veces” (45%) no centro son receptivos á variedade de xénero.

A opinión sobre o vínculo do centro educativo e da vida no fogar, aínda que as familias pensan que “bastantes veces” (52,5%), atópase unha porcentaxe bastante máis elevada por parte do profesorado o que constata o indicado para a gráfica anterior: que a comunicación entre ambas partes parece que necesita dunha mellora na fluidez e relación.

As familias non teñen unha percepción positiva, cando menos na metade dos casos non responden, de que a expectativas para todo o alumnado sexan altas, sendo soamente o 42,5% o que indica que “bastantes veces” considera que as expectativas para todo o alumnado son altas.

A resposta das familias á valoración por igual do alumnado é, cando menos chamativa, xa que case un 70% responde que “bastantes veces” ou “moitas veces”.

Tampouco coinciden na súa percepción sobre a consideración de que o CEIP Ramón Cabanillas rexeite todas as formas de discriminación, pois o centro só en case o 55% rexeita “moitas veces” calquera forma de discriminación e o 12% “bastantes”. Tamén aumenta a preferencia de resposta de “bastante” (37,5%) e de “moitas veces” (40%), por parte das familias con respecto da promoción do centro da convivencia e a resolución pacífica de conflitos, o que é un factor positivo e de confianza e que coincide co profesorado. Hai que ter en conta que, pola súa subxectividade no significado, a percepción docente e do alumnado é razoable que varíe. Así e todo, a non resposta é maioritaria (case o 60% sen resposta) e só un 25% das familias responden que “moitas veces” o centro ten un enfoque de liderado inclusivo, amosa a importante necesidade de cambio cara a apertura do centro educativo ao resto da comunidade educativa, en especial ás familias e ao alumnado.

#### **7) Análise das incidencias rexistradas no centro educativo:**

A análise dos partes de incidencias custodiados no CEIP Ramón Cabanillas dos últimos anos (2016-2020), poñen de manifesto que o conflito ten que ver con diferenzas entre o alumnado implicado que presenta condutas contrarias á convivencia de tipo físico e/ou verbal. As condutas contrarias á convivencia de tipo físico teñen sido orixinadas por alumnado do xénero masculino, na súa totalidade. As condutas contrarias á

convivencia de tipo verbal e/ou emocional son realizadas por ambos os dous sexos nunha porcentaxe similar de casos, en moito menor grao de incidencia. Do mesmo xeito, esta análise tamén deixa constancia que, polo xeral, as incidencias non son frecuentes e o alumnado implicado en condutas contrarias á convivencia é reincidente.

A análise do traballo diario na aula indica que existe un número moi reducido de alumnado que, ocasionalmente, presenta condutas de tipo machista, xenófobas e homófoba (por exemplo, insultos, infravaloración da muller, exclusión ou reprodución de estereotipos de xénero) que en ocasións deriva en conflitos no patio ou na propia aula. No CEIP Ramón Cabanillas, aínda que as observacións deste tipo de condutas de xeito manifesto son baixas (1 de cada 100 membros do alumnado), concordamos cun estudo galego de Rebeca Jorge “A rebeldía de ser eu: ser unha persoa diversa nun mundo heteropatriarcal” (2017) en que a maior parte das persoas que se identifican cunha sexualidade diversa experimentaron que o contexto ten comportamentos peiorativos e rexeitamento a nivel de grupo e no ámbito laboral, polo que, polo xeral, agardan a ter maior confianza ou independencia e estabilidade. Sen embargo a mesma investigadora insiste na importancia de desenvolver accións encamiñadas á aceptación e respecto da identidade persoal en igualdade e coeducación porque a idade infantil e a adolescencia son estadios evolutivos vulnerables e como centro educativo é labor da comunidade educativa protexer os dereitos da infancia en toda a súa complexidade.

A resposta do profesorado é inmediata, poñendo en coñecemento á dirección do centro, evitando a reprodución deste tipo de condutas contrarias á convivencia e tratando de paliar as consecuencias. O profesorado desenvolve tarefas de coñecemento e comprensión das diferencias de xénero, buscando aumentar o coñecemento sobre as similitudes o traballo educativo no concepto de igualdade desde a pluralidade e a diversidade. As dificultades que o profesorado atopa (respecto ao cambio emocional e condutual, a influencia social e os círculos máis próximos deste alumnado en concreto) vai na proporción en que o alumnado presenta sentimentos ou condutas desigualitarias que están máis arraigadas no fogar e que son máis complexas de tratar.

## 8) Análise dos espazos onde se rexistran maiores incidencias:

As incidencias de condutas contrarias á convivencia rexístranse en maior medida nos espazos comúns, baños e patios. As enquisas amosan tamén noutra orde de factores analizados, respecto dos espazos, que os conflitos e situacións de discriminación ou desigualdade danse sobre todo entre iguais, xa que un 25% sinte que ten “pouco apoio” do resto do alumnado. Os espazos que aparecen como os máis complexos a traballar son os corredores, os baños e os patios.

Unha análise máis pormenorizada deste último espazo, como factor de convivencia e igualdade, amosa que, nos espazos de **educación infantil** non se observa división do espazo por xénero, compartíndoo de xeito igualitario o alumnado. En canto aos xogos, si que se observa certa división por sexos, sobre todo nos máis maiores ( 5º e 6º de EI). Durante o presente curso académico, os nenos adoitan facer un corro e xogar aos BayBlade, carreiras de motos, ou xogo simbólico de loitas, mentres que nas nenas se sigue apreciando moito xogo simbólico do tipo “nais e pais”, “irmáns”, “amigas” e outras actividades coma debuxar, cantar, xogar con bonecos... Pola contra, no alumnado de 3 anos aínda se aprecian os mesmos xogos os cales realizan xuntos na súa gran maioría.

En canto ao patio de **1º e 2º de Educación Primaria** (patios independentes), o reparto de xogos (que actualmente é libre e sen organización estable ou aparente) non presenta diferenciación por xéneros ou roles dos diversos xogos nos que o alumnado participa libremente. A tipoloxía de xogos é variada e cambiante ao longo do curso, así como o é o número de participantes e a heteroxeneidade dos mesmos: no patio de 1º e 2º nivel de primaria oscilan entre os intereses comerciais ao que se ve sometido o alumnado (cromos, beyblade, superheroínas, barbies, maquillaxe infantil, etc.) e/ou sociocultural e deportivo (maioritariamente o fútbol ou dar patadas a un balón).

A análise do espazo e tempo de lecer dos niveis de **3º, 4º, 5º e 6º**, ten unha configuración máis estruturada, que responde tamén ao espazo, encadrado nun polideportivo semiaberto tellado, unha zona de terra e un espazo entre edificios que non ten unha utilización concreta. Nas pistas sinaladas ao efecto para deporte reglado (fútbol ou baloncesto) xogan sobre todo o alumnado de xénero masculino e,

invariablemente, durante todo o curso realízanse partidos de fútbol e/ou baloncesto (segundo a sinalización e o mobiliario destes espazos). Pola súa parte o alumnado de sexo feminino e o alumnado que se sente menos cualificado e/ou identificado para competir nestes dous deportes repártense pola periferia, “zonas de ninguén” entre as canchas, zona de terra ou espazo entre edificios, sen constatar que teñan xogos preestablecidos ou estandarizados (corren, pasean, charlan, etc.). Nalgunha ocasión inventan xogos tipo “pilla pilla” con variantes creativas. No caso dos deportes, como o fútbol e baloncesto, o alumnado que participa é bastante estable ao longo do curso e predominantemente de sexo masculino, aínda que, no segundo caso incorpórase algún grupo de nenas máis que no de fútbol.

Polo xeral, onde máis conflitos se xeneran no patio de 1º e 2º acontece onde se atopa o alumnado que non xoga a algo concreto. No patio de 3º a 6º danse conflitos, sobre todo no xogo ao fútbol, tamén se observa que o alumnado que non ten definido o tempo de lecer xenera conflitividade.

En educación infantil os conflitos están relacionados principalmente con materiais e xoguetes (concretamente co seu préstamo e uso compartido) ou con enfados e agresións entre alumnado. En relación a isto, salienta que os enfados son máis comúns nas nenas, e as agresións máis habituais nos nenos.

### **9) Actuación plurianual e de comunidade educativa**

As celebracións que se levan a cabo no centro educativo (respectando o calendario anual publicado pola orde da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional) responden, todas e cada unha ás características de comunicación previstas no Protocolo educativo para garantir a igualdade, á non discriminación e á liberdade de identidade de xénero (2016), incluíndo a educación afectivo-sexual.

Entre outras, destacan as datas do 25 de novembro e o 8 de marzo, días contra a Violencia de Xénero e Día Internacional da muller respectivamente. Ademais o “Día do libro” e ao “día da Paz” trabállanse desde unha perspectiva de xénero.

Asemade realízanse accións concretas como as charlas de “Muller e ciencia” durante o mes de febreiro; as charlas sobre “Educación afectivo-sexual” para o alumnado de

primaria, as familias e o persoal docente e non docente entre o segundo e terceiro trimestre. A finalidade desta actividade é concienciar da importancia do enriquecemento das persoas a través do respecto nas relacións persoais e sociais, nun mellor coñecemento persoal, no recoñecemento e no aprecio das diferentes orientacións sexuais e afectivas do ser humano como persoa.

O Plan de Igualdade do CEIP Ramón Cabanillas prevé que estas charlas se estendan á comunidade educativa a través de coloquios coas familias e considera o estudo de diferentes actividades que dende a contorna se lle poidan ofrecer á comunidade educativa no seu conxunto cun interese coeducativo para o noso alumnado. Estas actividades son iniciativas que pretenden ser continuas ao longo de varios anos e que forman da programación didáctica de aula, pero que a través deste Plan de Igualdade esténdese ao centro como comunidade educativa integrada.

O Plan de Igualdade complementa, en parte, o Plan de Convivencia do centro educativo e este recolle entre os seus obxectivos xerais: facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas. Partindo de dito obxectivo xeral, o Plan de Igualdade presenta unha serie de obxectivos específicos:

- Fomentar as actitudes e destrezas precisas para garantir a igualdade real entre homes, mulleres e tódolos xéneros.
- Favorecer a integración e non discriminación por razón de sexo, raza, confesionalidade e cultura.

Así mesmo, o Plan de Convivencia prevé entre as actuacións, medidas e programas algunhas actividades como: a sensibilización para prever o maltrato e desigualdade mediante charlas e visionado de películas e musicais ou a sensibilización pola igualdade entre homes, mulleres e tódolos xéneros entre outras.

Ademais, para colaborar no coñecemento da igualdade e da diversidade non só de cara á educación do alumnado, senón de cara a toda a comunidade educativa (que conforma á súa vez á sociedade) realiza carteis e exposicións nas entradas do centro,

na zona da biblioteca e na sala de profesorado, para publicitar esta realidade. Ademais, realízanse debates na reunión do claustro e desenvólvense encontros para o alumnado e as familias que acoden ao centro educativo.

Como conclusión desta parte de análise do contexto, o centro educativo CEIP Ramón Cabanillas traballa activamente para a sensibilización e comprensión por parte da Comunidade Educativa, a través do traballo directo co alumnado do concepto de igualdade desde o seu sentido máis amplo, plural e diverso. A realidade é cambiante e o alumnado debe estar preparado para afrontala e gozala. As debilidades amosadas neste informe son concretas, aínda que complexas de abordar. É importante deixar patente que o traballo deste plan só pode ofrecer froitos coa colaboración de toda a Comunidade Educativa, empezando pola cohesión e coñecemento dos casos por parte do profesorado e da comunidade educativa no seu conxunto e traballando todas/os, a través dunha guía común. Este plan clarifica as debilidades do centro educativo, do seu claustro, do alumnado e das familias respecto da igualdade en termos xerais, pero evidencia tamén as pautas a seguir para mellorar e continuar fortalecendo os puntos positivos que atopamos. Deste xeito, o desenvolvemento do Plan de Igualdade do CEIP Ramón Cabanillas encamiña á comunidade educativa cara un sistema coeducativo, que perpetúa o positivo de cada estudante na construción da sociedade do mañá.

#### 4.- OBXECTIVOS DO PLAN

O establecemento de obxectivos é fundamental para poder actuar de xeito coherente e intervir sobre as problemáticas atopadas a raíz da análise do centro (véxase matriz DAFO do CEIP Ramón Cabanillas, antes descrita). Os obxectivos deste plan son claros, adaptados á realidade e relacionados coas necesidades atopadas e correspondense tamén coas actividades e accións formativas a desenvolver. A análise destas últimas permite a valoración e avaliación do grao de consecución e cumprimento de ditos obxectivos, servindo de base para realizar os axustes necesarios.

Os **obxectivos xerais** propostos para o Plan de Igualdade do CEIP Ramón Cabanillas son:

- 1.- Integrar no currículo a educación emocional como parte fundamental no desenvolvemento do alumnado, promovendo valores coma a empatía, a autoestima, o coidado, a non violencia, etc.
- 2.- Traballar a resolución pacífica de conflitos, insistindo na asertividade e na promoción de relacións non violentas entre iguais. Prevención, detección e intervención en casos de violencia en xeral, e de violencia de xénero en particular.
- 3.- Visibilizar a figura das mulleres en tódalas áreas do currículo, especialmente na científico-tecnolóxica e no deporte. Uso dunha linguaxe inclusiva na comunicación (LIC), evitando o emprego do masculino xenérico. Visibilizar ao profesorado como modelo coeducador, tanto nas súas expresións coma nas súas actitudes.
- 4.- Promover a diversidade e a xustiza desde o respecto a aquilo que é diferente. Prevención, detección e intervención en casos de LGTBIfobia. Promover a liberdade na expresión do xénero e na orientación sexual.
- 5.- Incluír a igualdade nos plans de formación do profesorado e da comunidade educativa.

Os obxectivos xerais anteriores concréntanse nos seguintes obxectivos específicos:

**a) Promoción do respecto e a igualdade de oportunidades**

- Traballar a educación emocional como un referente esencial a formación educativa de todo o alumnado e en todos os niveis.
- Educar para aprender a convivir en equidade ao longo da vida.
- Fomentar o recoñecemento efectivo da igualdade entre homes, mulleres e persoas doutros xéneros.
- Fomentar a superación de estereotipos, prexuízos, e discriminacións (por razón de sexo, orixe, raza, etc.)
- Revisión de contidos e materiais para facilitar modelos educativos igualitarios e non sexistas.



- Emprego dunha linguaxe non sexista, discriminatoria, igualitaria e coeducativa en todos os contextos comunicativos co emprego de termos xerais ou emprego do xenérico inclusivo.
- Fomentar os valores vencellados á igualdade como a tolerancia, o respecto, a solidariedade, a colaboración, a aceptación da diferenza, a empatía.
- Crear actividades que fomenten prácticas dinámicas de coeducación nas aulas e nos espazos diversos.
- Trasladar ferramentas de resolución de conflitos baseadas no diálogo e na comprensión e reparación do dano causado.
- Fornecer a formación e sensibilización en materias de igualdade en todos os ámbitos e en todos os sectores.
- Proporcionar modelos educativos coherentes, igualitarios, reais e cheos de contido educativo.
- Traballar coas familias no proceso de implementación das medidas e dos modelos noutros ámbitos da vida do alumnado.
- Evitar xogos sexistas, actividades discriminatorias, prácticas que determinen unha segregación baseada no xénero.
- Fomentar a concienciación da realidade social e da necesidade de actuacións para afondar na igualdade social.

**b) Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero:**

- Educar na prevención da violencia de xénero.
- Traballar en prol da erradicación de calquera tipo de violencia na resolución pacífica de conflitos.
- Potenciar a detección de calquera alarma que nos poida avisar de casos de violencia de xénero non só no alumnado senón no seo das familias.

- Actuar segundo o Protocolo que se sinala nos casos de violencia de xénero (lembremos a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e a Lei Orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia).
- Garantir a escolarización inmediata do alumnado afectado por cambio de centro derivados de actos de violencia de xénero e acoso escolar tal e como se recolle no artigo 13 do Decreto 254/2012 polo que se regula a admisión do alumnado, e no artigo 20 do Decreto 229/2011 de atención a diversidade.
- Fomentar o traballo de afondamento e seguimento cos servizos sociais, concellería de Igualdade do Concello, CIM (Centro información a muller) e co CEMVI (Centro de Emerxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero).
- Actualización no PAT (Plan de Acción Titorial) das medidas para a información e traslado dos posibles casos de violencia de xénero.
- Desenvolver tarefas de educación nas familias no respecto e na tolerancia e na resolución apoiada de conflitos.
- Desenvolvemento de políticas activas de asesoramento e acompañamento a través do Departamento de Orientación.

**c) Promoción do respecto pola diversidade sexual:**

- Fomentar o establecemento de relacións saudables.
- Realizar campañas de información e sensibilización sobre diversidade sexual e de xénero dirixidas a toda a Comunidade Educativa, con especial atención ao recoñecemento e normalización da diversidade trans.
- Desenvolver campañas e actividades de cohesión grupal e de coñecemento das diferenzas.
- Fomentar modelos que non resposten a esquemas sexuais estereotipados e ensinen a diversidade sexual.
- Fomentar a liberdade no desenvolvemento orgánico da orientación sexual.

- Educar no respecto e a non discriminación das persoas pola súa orientación sexual.
- Traballar a diversidade como forma esencial de coñecemento da realidade sexual plena.
- Fomentar unha educación sexual activa, aberta e clara que non establezca modelos senón que permita a identificación libre de cada individuo.
- Incluir nos fondos bibliográficos materiais que sirvan como ferramentas de traballo, consulta e asesoramento no eido da diversidade sexual.
- Fomentar máis unha educación en emocións e unha sensibilización das mesmas como valor esencial das persoas.

#### **d) Prevención, detección e intervención en casos de LGBTifobia**

- Fomentar o control de actitudes de intransixencia coa manifestación de identidades sexuais diversas.
- Actuar segundo establece o Plan de Convivencia no que afecta aos apartados onde se recolle a manifestación contra da manifestación da diversidade sexual.
- Defender a dignidade persoal como elemento esencial da actividade educativa do centro.
- Traballar na colaboración coas familias e outros ámbitos (concello, asociación) para conquistar que a diversidade se entenda coma unha manifestación máis da personalidade.

### **5.- MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN**

Unha vez establecidos os aspectos fundamentais deste Plan nos puntos anteriores, establecemos a continuación medidas concretas a implementar para dar resposta ao exposto anteriormente. Son medidas de carácter xeral, e as máis específicas concrétanse na Programación Xeral Anual (PXA) e incorpóranse ano a ano, avaliándose oportunamente para reformar aspectos concretos deste Plan. Todas as

que agora se refiren determinan normas xerais divididas en diversos apartados. Todas elas parten do seguinte suposto e actuación:

- a) Identificación das diferencias, para coñecer fortalezas e debilidades e poder así previr e/ou intervir nas posibles desigualdades que poidan xenerar ditas diferencias.
- b) Importancia do papel do profesorado e titores como persoa de confianza para desenvolver actividades proactivas que fomenten a convivencia e benestar do alumnado LGBTI.
- c) Coeducación e proxectos vitais igualitarios, onde os suxeitos son libres e traballan en igualdade de oportunidades.
- d) Traballar a autoestima das alumnas e a igualdade de trato, así como a empatía e asunción de responsabilidades por parte do alumnado.
- e) Romper o silencio sobre a relación inadecuada de cisheteromasculinidade e violencia, aspecto pendente de eliminar na sociedade e, por ende, nas escolas.
- f) Identidades igualitarias que suman modelos de diversidade sexual e familiar encamiñados ao benestar social e a convivencia en liberdade.

### **Organización do Centro**

- Potenciar de xeito activo a equiparación de responsabilidades de tódalas persoas, tanto no acceso a cargos e representación en diversos órganos como na representación identitaria do Centro.
- Potenciar tamén a participación do alumnado de forma igualitaria nos cargos e no reparto de tarefas.
- Redactar todos os documentos cunha linguaxe non sexista e igualitaria de tal forma que se evite a discriminación e se fomente unha linguaxe inclusiva.
- Promover celebracións vencelladas á Igualdade, de tal xeito que se inclúan actividades concretas e sistemáticas.

- Implementar nas Programacións e na PXA (un bloque concreto) as medidas tendentes a potenciar as igualdades sinaladas por nivel e temporalizadas.
- Potenciar as facultades da persoa encargada de velar pola Igualdade, coordinadora que xurde do seo do Consello Escolar e que poderá liderar unha comisión na que participen outros membros da comunidade educativa. Esta Comisión terá unha partida orzamentaria específica para o desenvolvemento de tarefas e actividades.
- Difundir o Plan de Igualdade ao traveso de todos os medios existentes e ofrecer información específica a toda a comunidade educativa.
- Incorporar no PAT, Plan de Convivencia, PEC, e outros documentos das reformas pertinentes para incluír os aspectos sinalados neste Plan de Igualdade.
- Fomentar os grupos de formación e as actividades formativas en todos os niveis e ámbitos da comunidade.
- Establecer un uso racional dos espazos do centro libres de discriminacións sexistas.

### **Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.**

Dentro deste apartado debemos incluír o seguinte:

- ✓ Revisión das PDs e PDAs para incluír nelas actividades, ferramentas, materiais e prácticas que vencellen o currículo co feminismo, coa diversidade sexual, coa negación da identificación de saber vencellado a un xénero concreto e contra da desigualdade.
- ✓ Configuración dun programa concreto por idades para fomentar o desenvolvemento axeitado dunha conciencia sexual de aceptación e aprobación da diversidade.
- ✓ O desenvolvemento de actividades de sensibilización e información de todos os sectores da comunidade educativa.

- ✓ A incorporación progresiva de estudos que analicen os atrancos máis salientables neste aspecto nos membros da comunidade educativa.

### **Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.**

- ❖ Revisión dos fondos de biblioteca escolar e de biblioteca de aula para a incorporación de lecturas inclusivas.
- ❖ Proposta de achegamento de actividades inclusivas no eido das actividades complementarias e extraescolares.
- ❖ Emprego dos espazos de patio, corredores e outros espazos de forma inclusiva e sen discriminación de xénero.
- ❖ Fomento de roles profesionais sen xénero específico determinado.
- ❖ Fomento de programas educativos de innovación relacionados coa integración feminina.
- ❖ Potenciación das actividades formativas e de inclusión nas xornadas de integración e tránsito.
- ❖ Protocolizar a revisión por titorías dos materiais didácticos (sobre todo relacionado co currículo, e uso do libro de texto ou Edixgal) a través de guías (véxase [http://www.inmujer.gob.es/areasTematicas/educacion/publicaciones/docs/Recomendaciones\\_CD.pdf](http://www.inmujer.gob.es/areasTematicas/educacion/publicaciones/docs/Recomendaciones_CD.pdf))

### **Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.**

- Potenciación dentro do seo do Consello Escolar da Comisión de Igualdade e das tarefas a realizar pola devandita Comisión.
- Inclusión na páxina web do centro e nos medios de difusión dun apartado específico para prácticas inclusivas.

- Fomento na escola de familias de tarefas de desenvolvemento dun modelo educativo inclusivo e coeducativo.
- Promoción de modelos metodolóxicos que faciliten a diversidade e a integración en tódolos aspectos.
- Implementación de medidas no Plan de Convivencia que afecten ás actitudes contrarias á diversidade sexual.
- Rendición de contas da Dirección e da Comisión en materia de igualdade ante o Claustro e Consello.

## 6.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O seguimento e avaliación deste Plan de Igualdade débese ter en conta como un proceso de mellora das accións que se desenvolven a este respecto para así determinar o grao de efectividade das mesmas.

O primeiro elemento a establecer na avaliación do Plan de Igualdade do CEIP Ramon Cabanillas é determinar en que “grao” se atopa o noso centro educativo en termos de igualdade. Na seguinte táboa determínase o punto de partida e o resultado agardado ao finalizar a execución de dito plan, entendendo o nivel 1 como o inferior atopándose o elemento de análise nun momento débil e que require de intervención, e o nivel 4 nun momento óptimo que é o desexable e que o plan persegue conseguir logo da intervención.

INDICADORES	Nivel 1	Nivel 2	Nivel 3	Nivel 4
<b>Persoa responsábel de igualdade na comunidade educativa</b>	Non hai persoa nomeada	Hai persoa, pero nin xestiona nin coordina	A persoa nomeada xestiona	A persoa nomeada xestiona e coordina
<b>Nivel de inclusión nas programacións de obxectivos, contidos e criterios de avaliación coeducativos</b>	Non inclúen	Inclúen obxectivos e contidos	Inclúen obxectivos, contidos e criterios de avaliación	Inclúen obxectivos, contidos e criterios de avaliación e realízase informe dos aspectos coeducativos avaliados
<b>Uso de linguaxe inclusiva</b>	Non se usa	Documentos, carteis, páxina web,...	Depende do persoal docente e non docente	Uso xeralizado
<b>Nivel de formación do profesorado en</b>	Non hai formación	A persoa responsábel	Hai un grupo de traballo con	Formouse e séguese formando o

<b>materia de Igualdade de Xénero</b>		recibiu formación	profesorado do centro	profesorado
<b>Nivel de implicación do profesorado na intervención co alumnado</b>	Non se dá	Sucesos concretos	Unidades didácticas e accións titoriais	Currículo transversal
<b>Equipo directivo</b>	Non apoia	Nin apoia nin se implica	Apoia	Apoia e implícase
<b>Dáse uso coeducativo aos espazos físicos do centro.</b>	Non se dá	Non se dá nos patios	Dáse nalgún patio e resto de espazos	Dáse en todos os espazos
<b>Nivel de difusión</b>	Non se dá	Dáse nas aulas	Dáse a alumnado e persoal do centro	A toda a comunidade educativa
<b>Visibilidade das mulleres</b>	Non se dá	Visibilización en conmemoracións concretas	Depende do persoal docente	Visibilización transversal
<b>Roles de xénero</b>	Roles especialmente marcados	Nenas que reproducen canons de masculinidade e nenos que os consolidan	Nenas e nenos mudaron roles	Nenas, nenos e outros xéneros amosan canons similares
<b>Identidades de xénero</b>	Non se valoran as diferentes identidades e non se visibilizan	Puntualmente persoas transxénero	A visibilidade está condicionada ao persoal educativo	Transversalidade no currículo
<b>Diversidade sexual</b>	Non se traballa o colectivo LGTBI	Visibilízase o colectivo LGTBI en datas concretas	Trabállase por parte de algún persoal docente, dándolle apoio e visibilidade ao alumnado LGTBI	Transversalidade no currículo e total normalidade na comunidade

Os indicadores de logro especificanse para cada proposta que se elaborará ao longo de cada ano, e dentro da especificación do mesmo na PXA. A súa valoración corresponde á Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) para poder así determinar tamén o grao de cumprimento. Posteriormente as variacións e melloras serán incorporadas a este Plan no vindeiro curso escolar.

Para conseguir os mellores resultados, a avaliación continua é fundamental xa que permite comprobar se os obxectivos formulados son os correctos e as propostas prácticas axeitadas e adecuadas a ditos obxectivos.



Ademais, a incorporación de enquisas diversas é o referente directo que nos permite a valoración final do Plan.

Este Plan conforma un proxecto incompleto, mellorable, a traballar e cuxo remate terá lugar ao longo dos vindeiros cursos coa práctica efectiva de aulas coeducativas que transfiran o ensino e enchan de sentido a diversidade e o feminismo. Esas prácticas dan forma final a este Plan, o Plan de Igualdade do CEIP Ramón Cabanillas.

### **ADDENDA PLAN DE IGUALDADE CURSO 2019-20**

#### **1. ACTIVIDADES DE AULA DO CURSO 2019-2020**

Este curso desenvólvese no centro un proxecto conxunto relacionado co cine. Dende as diferentes aulas realízanse actividades centradas en aspectos propios deste ámbito tales como a observación de filmes, a realización de guións con papeis principais e secundarios, análise de roles e estereotipos nos filmes, etc.

Alén deste proxecto, e tendo en conta que o cine ten unha gran capacidade de influencia sobre as persoas e é un medio de propaganda moi poderoso, tentaremos utilizar esta vía para traballar a igualdade de oportunidades entre todos os xéneros e a non discriminación de ningunha persoa pola súa condición, relixión, procedencia ou orientación sexual. Sempre facendo ao alumnado partícipe, con sentido crítico e responsable.

Asemade, ao longo do curso realízanse diferentes actividades centradas no desenvolvemento e consecución do plan, as cales se centran nas temáticas de:

- a) Actividades de concienciación do labor feminino na sociedade.
- b) Actividades de concienciación e repulsa á violencia de xénero, así como a calquera manifestación da mesma.
- c) Actividades de educación afectivo-sexual.

A continuación describimos as máis salientables:

- **(1) Visita dunha deportista da elite futbolística, Vero Boquete:** compostelana e xogadora de fútbol cunha brillante traxectoria nacional e internacional. A idea é

reflexionar sobre as diferenzas que se dan entre homes e mulleres no ámbito profesional e social. A proposta da ANPA ten unha acollida importante no alumnado, xa que o fútbol é o deporte estrela na sociedade aínda que o fútbol feminino segue a ser un grande descoñecido. O alumnado coñece a Vero Boquete, porque o centro educativo dedicou o calendario do CEIP Ramón Cabanillas do curso académico 2017/2018 á muller e o mes de agosto, dedicouse a esta personaxe importante na nosa localidade e fóra dela.

- **(2) Concurso de fotografía**, no que pode participar todo o alumnado do centro educativo. Con esta iniciativa a federación de ANPAS, nesta segunda edición, ten como obxectivo que o alumnado represente nunha imaxe como ve a igualdade dende calquera ámbito da vida para promover a súa reflexión. A primeira edición (2018/2019) a ANPA do CEIP Ramón Cabanillas fixo unha mostra das fotografías gañadoras polos corredores do propio centro.
- **(3) Actividade de squash**, organizada pola Federación Galega de Squash coa finalidade de realizar unha campaña para a promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero. Esta actividade realízase no primeiro trimestre coincidindo coa conmemoración do 25 de novembro. A través do deporte preténdese facer ver que non hai xogos femininos ou masculinos, senón para todo o mundo e que podemos xogar sen distinción de xénero.
- **Conmemoración do “Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller”** (25 de novembro):
  - **(4) Batucada con material de refugallo** (bidóns, botes, tapas, tixolas, etc.) polo alumnado de 6º curso de primaria, quen prepara a interpretación e realiza unha mostra para todo o alumnado do centro no patio escolar. O traballo docente está liderado polo profesor e músico Didier que desenvolve co alumnado e profesorado obradoiros de Ecopercussion.
  - **(5) Charlas-coloquio contra a violencia de xénero e traballos de aula**. Nas aulas e adaptándonos ao nivel, reflexiónase sobre a praga da violencia de xénero na sociedade actual salientando que a actitude maioritaria é de

condena a esta violencia a través de convencións internacionais e leis nacionais e autonómicas, ademais de manifestos conmemorativos. Nós como centro educativo, debemos contribuir a axilizar o cambio cara a igualdade.

- **(6) Creación do videoconto “O príncipe Cinsento”.** O videoconto elabórase coa recuperación dunha grabación de audio de Radio Furelo do alumnado que neste curso se atopa en 4º. Varias clases escoitaron e traballaron con este videoconto na aula.
  
- **Conmemoración do “Día da Paz” (30 de xaneiro).**
  - **(7) Charlas-coloquio a nivel de aula** para reflexionar sobre a paz e a repercusión do respecto mutuo, a todos os niveis de relación persoal, social e cultural.
  
  - **(8) Decoración da “pirámide da entrada do centro educativo”,** por parte de todo o alumnado dende as aulas, exposición de libros (en colaboración coa biblioteca) e frases con pictogramas relacionados coa paz (en colaboración co DO), a igualdade e a non discriminación, entre outros temas, dándolle así unha marcada perspectiva de xénero a esta celebración.
  
- **Conmemoración do “Día Internacional da Muller” (8 de marzo).**
  - **(9) Charlas-experimentación “A nena e a muller na ciencia” dende o CIMUS.** No mes de febreiro, o alumnado de 5º e 6º de EII e o alumnado de 1º a 5º de EP participa nas charlas de “A nena e a muller na Ciencia”. Tres mulleres científicas do Centro de Investigación Molecular da Universidade de Santiago (CIMUS), Janette Rodríguez, nai de alumnado do centro educativo, Andrea López e María García veñen ao centro educativo para explicar ao alumnado en qué consiste a súa profesión e para transmitirles que calquera persoa, independentemente do xénero, pode adicarse a aquilo que queira, con esforzo, constancia e motivación. Asemade, con estas visitas preténdese visibilizar a tendencia actual, na que a maior parte das persoas investigadoras son do xénero masculino, e amosar ao alumnado que as

profesións non teñen xénero, cada quen ten que estudar e traballar naquelo que desexe sen importar os roles de xénero.

- **(10) Concurso para o deseño do cartel do día 8 de marzo co gallo da celebración do Día Internacional da Muller.** No mes de febreiro o alumnado, dende 1º ata 6º de educación primaria, pode participar na elaboración dun cartel conmemorativo desta data. A proposta ven dende a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e a Secretaría Xeral de Igualdade.
- **(11) Exhibición de batucada, a cargo do profesorado.** O día 6 marzo, con motivo da celebración do “Día Internacional da Muller Traballadora” que este ano coincide en domingo. Preténdese, a través da música, reivindicar a igualdade de oportunidades no mundo laboral. Asemade, traballarase nas aulas a situación da muller na nosa sociedade.
- **(12) Contacontos “Os tres porquiños”.** En Marzo o alumnado de 5º e 6º de EI goza dunha unha nova versión do clásico “Os tres poquiños”, no que se inclúe a figura dunha porquiña con intención de dar visibilidade ao xénero feminino e fomentar a igualdade entre xéneros. POSPOSTA POLA PANDEMIA.
- **(13) Encontro sobre “Mulleres galegas e cine”** para o alumnado de 6º de EI. No mes de febreiro realizáronse conversas coa directora e produtora galega Paula Cons, personaxe á que se adica o mes de decembro do calendario escolar do CEIP Ramón Cabanillas 2019/2020 .
- **(14) Emisión especial de Radio Furelo: entrevista con Sabela Arán,** actriz galega e filla dunha docente do centro educativo. O alumnado encargado de emitir esta edición quincenal foi o de 6ºB de educación primaria, e o encontro é retransmitido a través da páxina web do centro, no espazo de Radio Furelo.

- **(15) Emisión especial de Radio Furelo:** o alumnado de 1ºB lémbraos a conmemoración do "DÍA INTERNACIONAL DA MULLER E A NENA NA CIENCIA" e as charlas didácticas que temos no Cole.
- **(16) Encontro experimental con Cristina Iglesias,** técnico e creadora de son e nai dunha alumna do centro educativo. O alumnado de 3º e 4º de educación primaria asistiu e experimentou engadindo son a escenas mudas de video. Ademais, introduce o desenvolvemento do seu traballo como muller.
- **Conmemoración do día de Rosalía (30 de xaneiro).**
  - **(17) Emisión especial de Radio Furelo,** na que o alumnado de 2º de primaria recitou o poema "*Airiños, airinos, aires*" para chamar a atención sobre a personaxe de Rosalía emigrante e tamén da súa realidade como muller trascendental do século XIX galego.
  - **(18) Realización dun "colaxe sonoro"** do poema e Rosalía de Castro "*Airiños, airiños, aires*" co audio e imaxe de estrofas recitadas por todo o alumnado e coa colaboración de familias migrantes que forman parte da nosa comunidade educativa, como xesto de aprecio e para darlles visibilidade na procura dunha igualdade cultural e social.
  - **(19) Rosalía todo o día.** Lecturas, durante toda unha mañá na biblioteca, na que todo o alumnado interpretou fragmento da obra de Rosalía para outro alumnado do centro.
  - **(20) Mural de Rosalía coa súa imaxe,** traballouse a súa obra e a importancia como muller pioneira reclamando os seus dereitos como escritora e a desigualdade que sentía con respecto as obras dos homes daquel momento.
- **Charlas coloquio de educación afectivo sexual,** a cargo de Ana Belén psicóloga e nai de alumnado do centro educativo... FALTA O NOME. POSPOSTA POLA PANDEMIA algunhas das sesións.
  - **(21) Charla coloquio para as familias e persoal docente e non docente:** como inicio da implantación dun programa integral, no que se busca a participación de toda a comunidade educativa (familias, alumnado, persoal docente e non docente), o programa comeza cunha sesión coas familias,

profesorado e persoal non docente de dúas horas desenvolvida en horario laboral non lectivo.

- **(22) Charla coloquio para o alumnado:** Posteriormente, o alumnado de 2º a 6º de EP desenvolve tres sesións dunha hora por grupo-aula. O proxecto ten o obxectivo de achegar unha educación afectivo-sexual saudable, que integra á diversidade emocional, afectiva e sexual, configurándose como un recurso transformador e imprescindible na transmisión dos valores de igualdade, pluralidade, diversidade e respecto. Ademais, pretende visibilizar as identidades de xénero así como transmitir respecto e tolerancia ás diferentes orientacións afectivo-sexuais. Son parte deste os seguintes obxetivos:
  1. Recoñecerse como nena ou neno ou calquera outro xénero, independentemente dos seus xenitais, asumindo positivamente a súa identidade de xénero, libre de elementos de xénero discriminatorios.
  2. Coñecer e utilizar algunhas normas básicas de coidado persoal e convivencia baseadas na igualdade, o respecto e a responsabilidade.
  3. Adquirir coñecementos básicos de respecto sobre o feito sexual humano (aspectos biolóxicos, psíquicos e sociais) co fin de cuestionar e eliminar crenzas e prexuízos infundados, solicitando a axuda doutras persoas en caso de necesidade e utilizando de forma crítica os recursos que ten ao seu alcance.
  4. Desenvolver unha ética social, onde as relacións entre as persoas estean baseadas na igualdade, o respecto e a responsabilidade.
- **(23) Contacontos infantís.** En toda a etapa de EI realízanse sesións de contacontos e obradoiros onde a temática principal e a igualdade, o aprecio e comprensión das diferenzas, a igualdade, coeducación, violencia de xénero e as emocións. O obxectivo é transmitir valores positivos e igualitarios e traballar o rexeitamento de valores históricos e culturais que inculcan roles diferenciados en función do xénero, aínda presentes na sociedade actual. Entre outros, os contos que se

traballan son “O monstro de cores” (emocións), “rosa caramelo” (igualdade e roles de xénero), “A bruxa da discordia” (paz), “Gato Vermello e Gato Azul” (envexa), “Artur e Clementina” (autoestima, igualdade e violencia de xénero), “Edu se viste de princesa” (coeducación e igualdade), “Elmer” (diferenza e tolerancia), o “Conto dos porcos” (igualdade e diversidade), “Maruxa” (igualdade), etc

- **(24) En E.I. traballamos tamén as emocións e valores a través dos cadros.** Dende a contemplación e o diálogo identifícanse emocións e sentimentos nas diferentes expresións gráficas. Entre outros os cadros traballados son “La gioconda” (emocións), “El Grito” (emocións, o medo e a empatía), “Máscaras” (emocións, empatía e dar a coñecer a artista galega pioneira e rompedora de estereotipos).
- **(25) Visionado de películas e vídeos nas aulas de E.I.** “Del revés” (emocións básicas), “Onde viven os monstros” (emocións e superación), “El puente” (traballo en equipo e igualdade), “LOU” (bulling, acoso), “Los pájaros y la grulla” (convivencia e igualdade”).
- **(26) Visionado dun vídeo de MullenLowe London nunha aula de 4º e outra de 5 E.P.:** Este vídeo captura provocativamente como, ao principio da súa educación, xa definen as oportunidades profesionais como homes e mulleres. Esta actividade lévana a cabo dende o departamento de inglés. Pídeselle que debuxen un bombeiro/a, un ciruxán/a e un piloto/a de combate e logo faise valoración das mulleres, homes ou outros xéneros que debuxan en cada profesión.  
<https://www.youtube.com/watch?v=qv8VZVP5csA>

Saídas onde a igualdade é o tema principal:

- **(27) Saída de 5º E.I. para ver o “Grúfalo” e a “Filla do Grúfalo” e de 6º de E.I. para ver “ Zog, dragóns e heroínas” na sala NUMAX.** Na primeira sesión de cine co “Grúfalo” traballouse a autoxestión de emocións como o medo e “Na filla do Grúfalo” a igualdade de xénero. Na segunda sesión de cine van ver catro historias divertidísimas protagonizadas por nenas onde se inclúe a igualdade e a creatividade.
- **(28) Saída do alumnado de 4º, 5º e 6º de E.P. á Cidade da Cultura para visitar a exposición temporal “Galicia, un relato no mundo”.** Nesta exposición o alumnado

pode examinar o papel de diferentes culturas, pobos e grandes eventos históricos na conformación da historia e da identidade galega, na que a muller xogou e xoga un papel importante.

- **(29) Realízase unha selección de materiais** por parte do profesorado que participa no seminario de Igualdade para traballar a igualdade dende o centro e publicitouse a través de carteis nas diferentes aulas do centro e cun mural que se colgará ao lado da biblioteca para visibilizar dende o patio. Así as familias pódono ver e animar ao alumnado a coller en préstamo dito material da biblioteca, podendo así tamén desfrutalo en familia.

## **2. ANÁLISE da ACTUACIÓN DO PLAN 2019/2020**

Segundo a análise da consecución actual, o Plan de Igualdade do CEIP Ramón Cabanillas, sinálase a continuación con círculos vermellos e de xeito moi gráfico, presenta a seguinte situación de valoración, en relación á actividade desenvolvida no curso 2019/2020:



INDICADORES	Nivel 1	Nivel 2	Nivel 3	Nivel 4
Persoa responsable de igualdade na comunidade educativa	Non hai persoa nomeada	Hai persoa, pero nin xestiona nin coordina	A persoa nomeada xestiona	A persoa nomeada xestiona e coordina
Nivel de inclusión nas programacións de obxectivos, contidos e criterios de avaliación coeducativos	Non inclúen	Inclúen obxectivos e contidos	Inclúen obxectivos, contidos e criterios de avaliación	Inclúen obxectivos, contidos e criterios de avaliación e realízase informe dos aspectos coeducativos avaliados
Uso de linguaxe inclusiva	Non se usa	Documentos, carteis, páxina web,...	Depende do persoal docente e non docente	Uso xeralizado
Nivel de formación do profesorado en materia de Igualdade de Xénero	Non hai formación	A persoa responsable recibiu formación	Hai un grupo de traballo con profesorado do centro	Formouse e séguese formando o profesorado
Nivel de implicación do profesorado na intervención co alumnado	Non se dá	Sucesos concretos	Unidades didácticas e accións tutoriais	Curriculo transversal
Equipo directivo	Non apoia	Nin apoia nin se implica	Apoia	Apoia e implicase
Dáse uso coeducativo aos espazos físicos do centro.	Non se dá	Non se dá nos patios	Dáse nalgún patio e resto de espazos	Dáse en todos os espazos
Nivel de difusión	Non se dá	Dáse nas aulas	Dáse a alumnado e persoal do centro	A toda a comunidade educativa
Visibilidade das mulleres	Non se dá	Visibilización en conmemoracións concretas	Depende do persoal docente	Visibilización transversal
Roles de xénero	Roles especialmente marcados	Nenas que reproducen canons de masculinidade e nenos que os consolidan	Nenas e nenos mudaron roles	Nenas, nenos e outros xéneros amosan canons similares
Identidades de xénero	Non se valoran as diferentes identidades e non se visibilizan	Puntualmente persoas transxénero	A visibilidade está condicionada ao persoal educativo	Transversalidade, no currículo
Diversidade sexual	Non se traballa o colectivo LGTBI	Visibilízase o colectivo LGTBI en datas concretas	Trabállase por parte de algún persoal docente, dándolle apoio e visibilidade ao alumnado LGTBI	Transversalidade, no currículo e total normalidade na comunidade

En relación cos datos analizados:

- Este Plan de Igualdade recomenda utilizar nos documentos oficiais tamén os termos xenéricos colectivos ou en algún caso os diferentes xéneros, antepoñendo o xénero feminino e outros ao masculino.
- O plan de Igualdade constata que unha debilidade importante é achegar este tipo de formación ao persoal non docente (persoal laboral, do sector servizos, limpeza e comedor, e de actividades extraescolares organizadas polo concello e/ou a AMPA), tanto como ao docente.

- O centro educativo, como calquera outro círculo socio-cultural atópase contextualizado nun entorno e contexto concreto, polo que herda costumes e materiais vinculados a realidades pasadas, aínda que nunha sociedade en continuo cambio debemos estar pendentes de non acomodarnos e caer en rutinas que non respecten a coeducación en todas as súas parcelas:
  - Parece básico tratar de fortalecer a relación coas actividades desenvolvidas no tempo non lectivo dentro do centro educativo.
  - Parece importante aumentar a implicación do persoal non docente (conserxe, administración e coidadores) e de limpeza.

## ANEXOS










Actividades Educación Primaria



Actividades Educación Infantil



**ANEXO II: MESTRAS DE E.I.: CONTACONTOS E ACTIVIDADES**

Na etapa de Educación Infantil, as mestras escolleron varios contos para traballar a igualdade, coeducación, violencia de xénero, emocións... Os contos son un recurso educativo básico nesta etapa e é moi importante facer unha boa escolla xa que poden transmitir valores positivos e igualitarios ou valores e roles diferenciados en función de sexo aínda moi presentes na nosa cultura.

Non cabe dúbida que dende infantil é moi importante o traballo das emocións e deixarlle claro ao alumnado que estas non dependen de ser dun xénero en concreto, dependen da persoa única e diferente que é individuo de nos. Así que, dándolle moita importancia ao traballo das emocións para medrar en igualdade e respecto, decidiron traballar cos seguintes contos:

**“O MONSTRO DE CORES”** , é un recurso xenial para traballar as emocións. Dun xeito gráfico, lúdico e dándolle moita importancia ao diálogo aprenderemos a identificar e expresar as emocións. Sesións:

- Lectura do conto.
- Os espellos das emocións. Como me sinto?
- Canción “ O monstro de cores”
- Coloreamos as emocións e pegámolas en botes (ledicia\_ amarelo, tristeza\_ azul, rabia\_ vermello, medo\_ negro, calma\_ verde).
- As emocións trabállanse en círculos de diálogo onde cadaquén vai dicindo situacións nas que sinte ledicia, tristura, enfado... Vaise dando a palabra coa mascota da aula e se se bloquea o diálogo é a mestra a que fai de facilitadora.

**“ROSA CAMELO”**, un conto co que se poden traballar moitos valores (igualdade, roles de xénero, sentimentos, emocións,...). Na semana do 8 de marzo este foi o conto escollido para celebrar o “Día da muller”. Sesións:

- Lectura do conto.
- Traballamos en círculo de diálogo o lema “todos somos iguais”.

- Creamos círculo de diálogo onde a mestra é a facilitadora e se traballan os sentimentos e de si é correcto que haxa xoguetes de nenas e de nenos, xogos de nenas e nenos. Con preguntas do tipo: *crees que Margarita era feliz estando encerrada, que farías ti se foras seu pai ou súa nai?, cres que é tan importante a imaxe?* Trátase de fomentar un espírito crítico cara os roles de xénero e a igualdade e liberdade.
- Colorear a mandala da igualdade de elefantes e elefantas e como di o conto: “ *dende entón é moi difícil distinguir aos elefantes das elefantas*”

“**A BRUXA DISCORDIA**”, conto co que se traballa a paz, a amizade e a maldade. É unha bruxa que goza facendo cousas malas e vendo como se levan mal as persoas e os animais. Ata que un día fai unha amiga e con ela descubre que é mellor facer outras cousiñas. Sesións:

- Lectura do conto e diálogo sobre o que é a paz para cada persoa.
- Canción e danza “ A danza da paz” de Mamá Cabra.

“**GATO VERMELLO E GATO AZUL**”, preséntanos a dous gatiños que están todo o rato comparándose e competindo un co outro. Este conto sérvenos para traballar diferentes emocións. Sesións:

- Lectura do conto.
- Traballamos en círculo de diálogo (sempre coa mestra coma facilitadora xa que se trata de alumnado de pouca idade), a envidia, a competitividade ou os celos.
- Finalmente quedámonos co positivo do resto do alumnado e poñemos en valor as diferentes virtudes dicindo o que nos gusta da persoiña que teño ao lado.

“**ARTUR E CLEMENTINA**”, conto co que traballamos a importancia da autoestima, a liberdade, a igualdade e a violencia de xénero. Neste conto dáse unha forma de violencia baseada na descalificación e na liquidación da autoestima da parella. Sesións:

- Lectura do conto.
- Visualización videoconto na pantalla ( <https://www.youtube.com/watch?v=rr5AIG-5fB8> ). En forma de u sentados a rapazada vai buscando no conto situacións nas que Clementina se ve triste. E dialogar por que está triste Clementina.
- *Cales son os vosos soños?, Que vos gusta facer?, Pensades que as persoas poden cambiar os vosos gustos?, As persoas amigas fannos divertirnos e pasalo ben ou pórtanse mal con nos?...* A través das preguntas deixamos que falen de situacións vividas na aula e se agora actuarían doutro xeito...
- E para formar a identidade, coñecerse e respectarse tal e como é cada un e unha farán un debuxo do seu propio corpo onde se poida ver como lles gusta vestir, a que lles gusta xogar...

“**EDU SE VISTE DE PRINCESA**”, conto co que se traballa a coeducación e a igualdade. É un neno ao que lle gusta vestirse de princesa, motivo polo cal un amigo de ri del. Ao sentirse mal decide falalo coa súa familia e esta dille que debe facer o que lle gusta.

- Visualizamos o booktrailer de “Edu se viste de princesa” (<https://www.youtube.com/watch?v=VggWoEKes8Y>). Respostamos fomentando un debate crítico e responsábel as preguntas que se fan no booktrailer:
  - Que pasa se lle gusta vestirse de princesa?
  - A súa familia deixaranlle que se disfrace?
  - Entenderao a súa familia?
  - Convertirase nunha nena?
- Lectura do conto.
- Xogamos a cousas diferentes e descubrimos relacións novas e compis superdivers!!!

“**ELMER**” Conto co que se traballan as Habilidades Sociais (respecto pola diferenza e aceptación/aprobación e autoestima).



- Lectura do conto.
- Audioconto.
- Actividades LIM.
- Cadaquén crea o seu Elmer diferente.